



## MANIFESTO

### POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO

[www.serradogalinheiro.org](http://www.serradogalinheiro.org)

**Manifestamos que a Serra do Galiñeiro**, lugar natural de encontro dos Concellos de Vigo, Gondomar, Mos, O Porriño e Tui, **é un lugar senlleiro polos seus valores naturais** (xeolóxicos, biolóxicos, paisaxísticos), **culturais** (históricos, arqueolóxicos, etnográficos), **sociais e económicos** (actividades tradicionais que aproveitan de xeito sustentable e rendible os recursos do monte; actividades de lecer; deportes de natureza).

**Consideramos que este espazo natural e os seus valores teñen que ser protexidos** ao amparo das lexislacións europea, galega e municipal vixentes. A pesar dos convenios internacionais e das directivas europeas, Galicia só protexe (e de xeito ineficaz) o 11,6% do seu territorio (a media estatal é do 27%, Asturias protexe o 33 %, e Madrid o 40%). Por tal motivo, o noso país ten que afrontar unha sanción da Unión Europea. A rede galega de espazos protexidos debe ser ampliada, e a Serra do Galiñeiro debe formar parte dela.

**Denunciamos as actividades altamente impactantes que estragan a Serra**, perseguindo a cega idea dun desenvolvemento ilimitado, e usando a natureza dun xeito irreponsable: a plantación masiva e a proliferación incontrolada de especies foráneas (eucaliptos, piñeiros e acacias), que reducen a biodiversidade e aumentan o risco de incendio; a proliferación de canteiras (moitas delas ilegais), o abandono de canteiras esgotadas sen a debida restauración; a apertura masiva de pistas, o seu ancheado e recrecemento con terra e entullo, o seu asfaltado; a práctica deportiva con vehículos a motor (todoterreos, motos de cross e quads) dentro e fora das pistas; os movementos incontrolados de terra; os vertedoiros incontrolados de lixo e entullo; a acampada ilegal; a destrución negligente ou intencionada de patrimonio arqueolóxico. E agora están en proxecto **grandes infraestruturas** (un parque eólico; estradas de circunvalación urbana) e **industrias de alto impacto** (unha trituradora de entullo), que ameazan con degradar a Serra dun xeito xeralizado e irreversible.

**Solicitamos a protección da Serra do Galiñeiro pola súa riqueza como espazo natural e cultural.** A Serra é un ben natural, valioso en si mesmo. Pero tamén é un ben común. A xeración actual debe preservala para as xeracións vindeiras e, con ela, debe conservar os seus valores:

- A súa **morfloxía**: o seu modo e elevarse e a configuración das súas formacións rochosas, que fan dela un **referente paisaxístico** nas bisbarras do Val Miñor, Vigo, A Louriña, O Baixo Miño e O Morrazo.
- O seu rico **patrimonio xeolóxico**: as formacións de **gneis de riebeckita** nos cumes máis altos da Serra. Os seus **valores tectónicos**, únicos no mundo. As súas formacións xeomorfolóxicas, como *A Cova da Becha*, de orixe periglaciario, en Vincios, ou *Os Milaghres da Trapa*, nos Cabreiros. As súas cavidades, como as do monte dos *Arrúdos*, en Vincios, ou *A Lapa da Moura*, en Vilas, Morgadáns.
- O seu rico **patrimonio biolóxico**: hábitats de breixeiras húmidas, brañas, turbeiras e matogueiras de influencia mediterránea e termófilas con endemismos, algúns deles catalogados pola Directiva Europea 43/92/CEE, como **"Hábitats Prioritarios"**, (como as "Breixeiras húmidas atlánticas meridionais de *Ericas*") ou **"Hábitats de Interese Comunitario"**, (como as "Breixeiras secas" e os "Pastos pioneiros en superficies rochosas"). A Serra acubilla fauna de escasa presenza en Galiza, coma a azulenta papuda, e endemismos coma a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), e a rá patilonga. Tamén acubilla avifauna migratoria, como o picanzo real ou o pedreiro cincento. A ampliación da superficie protexida do Parque Natural do Monte Aloia a toda a Serra do Galiñeiro garantiría a continuidade dos ecosistemas imprescindibles para todas estas especies animais e vexetais da Serra.
- As pegadas da presenza humana en época prehistórica: **petróglifos como o de "Agua da Laxe"**, de características únicas no continente europeo; **mámoas** como as da Chan das Moutas e as dos Bromús. Elementos senlleiros de época histórica, como os restos da **Fortaleza do Galiñeiro**. Elementos relevantes da arquitectura e da técnica populares, como as **presas**, as **levadas** e os **muíños de auga**. Pero este valioso patrimonio sofre estragos continuos. Os petróglifos de Santa Lucía (un deles, con alabardas) foron soterrados (enteiros ou relados) ao ampliar un picadeiro. Tres das nove mámoas da Chan das Moutas desapareceron: dúas foron desfeitas ao achanzar unha pradería; a outra foi soterrada por un recheo.

- As numerosas **cavidades** existentes na Serra. Cavidades que posúen **valores xeolóxicos** singulares. **Abrigueiros** naturais que son acubillo e leito de **elementos arqueolóxicos** de orixe prehistórica e medieval; abeiro para o **pastoreo comunal** e, ata hai ben pouco, albergue de **obradoiros de cantería artesanal**, como a “**Casa do Demo**”. Cavidades que son orixe e morada dun rico **patrimonio inmaterial**, expresado en numerosas **lendas populares** e nun amplo abano de seres mitolóxicos a elas asociados. Estes verdadeiros **monumentos etnográficos** e o seu entorno natural deben conservarse inalterados.
- O **aproveitamento multifuncional** da Serra que fan moitas Comunidades de Montes, veciños e particulares, mediante actividades sustentables e rendibles, que crean as condicións necesarias para a agricultura e a gandería ecolóxicas, e que manteñen viva a identidade do rural. A súa economía sustenta, ademais, valiosas actividades dos centros culturais das parroquias, dinamizando a cultura do pobo.
- O **pastoreo de gando ceibe**: cabalos, vacas, ovellas e cabras. A existencia de **greas de cabalos do monte galegos** permite a celebración de dous Curros: o de Vincios e o de Morgadáns. Esta raza equina autóctona está en perigo de extinción, e o *Real Decreto 1682/1977* establece a súa protección especial.
- As **augas** superficiais e subterráneas da Serra, que abastecen ao encoro de Zamáns e ás traídas de auga potable da veciñanza de todo o seu entorno.
- O **valor social** que ten a Serra, nun territorio tan poboado como é o Val Miñor, Vigo, A Louriña, o Baixo Miño e O Morrazo, como lugar idóneo para **actividades de lecer** (sendeirismo; colleita de cogumelos), **deportes de natureza** (escalada; carreiras de orientación) e **actividades culturais** (estudio e divulgación da riqueza natural, histórica e social do lugar).

**Reclamamos que as administracións públicas acometan a protección da Serra dun xeito real e eficaz.** No ano 2008, o Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e os alcaldes dos Concellos da zona anunciaron a **ampliación do Parque Natural do Monte Aloia a todo o cordal da Serra do Galiñeiro**. Foi unha declaración baleira. No ano 2009, a Comisión de Espazos Naturais da Axenda 21 do Concello de Gondomar avalou as razóns da ampliación e apoiouna. Pero, a día de hoxe, os poderes públicos abandoaron ese obxectivo. No ámbito local, só os Concellos de Vigo e O Porriño clasifican nos seus Plans Xerais de Ordenación Municipal a súa parte da Serra como **Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais**. O Concello de Gondomar parece seguir o mesmo camiño. Pero a Xunta de Galicia non manifesta intención ningunha de protexer este valioso lugar. Mentras tanto, a degradación da Serra continúa, e multiplícanse o número e o alcance das ameazas que penden sobre ela.

**Invitamos a toda a cidadanía**, entidades (colectivos, asociacións, comunidades, clubs) e particulares, **a tomar parte neste esforzo colectivo Pola protección da Serra do Galiñeiro**. A vosa participación con traballo, ideas ou un simple apoio é necesaria para salvagardar as riquezas naturais, culturais e sociais da Serra e conseguir a súa protección definitiva.

**Subscribimos este manifesto:**



- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• ADEGA</li> <li>• AMIGOS DA TERRA</li> <li>• A RÍA NON SE VENDE</li> <li>• ASOCIACIÓN “A GROBA”</li> <li>• ASOCIACIÓN CULTURAL BERRA VAL MIÑOR</li> <li>• ASOCIACIÓN CULTURAL “FESTA DA PREHISTORIA”, DE MOS</li> <li>• ASOCIACIÓN TREZE-CATORZE, DE SALCEDA DE CASELAS</li> <li>• ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA (A.G.A.)</li> <li>• ASOCIACIÓN MUNDO MINERO</li> <li>• ASOCIACIÓN VECIÑAL CASCO VELLO DE VIGO</li> <li>• ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VINCOS</li> <li>• CENTRO CULTURAL AS PEDRIÑAS DE TAMEIGA, MOS</li> <li>• CENTRO SOCIAL “A FAÍSCA”</li> <li>• CENTRO SOCIAL “A REVOLTA”</li> <li>• CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CLUB DE MONTAÑA E ESCALADA AZIMUT</li> <li>• CLUB DE MONTAÑA PENA TREVINCA</li> <li>• COMUNIDADE DE MONTES V. M. C. DE COUSO</li> <li>• COMUNIDADE DE MONTES V. M. C. DE CHAÍN</li> <li>• COMUNIDADE DE MONTES V. M. C. DE VINCOS</li> <li>• FEDERACIÓN DE AA. VV. EDUARDO CHAO, DE VIGO</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO</li> <li>• INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS</li> <li>• MONTAÑEIROS CELTAS</li> <li>• MONTAÑEIROS XISTRA</li> <li>• OUTROVIGOÉPOSIBLE</li> <li>• PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE VIGO CÍES</li> <li>• SALVEMOS MONTEFERRO</li> <li>• S.O.S. GROBA</li> <li>• VERDEGAIA</li> </ul> |
|---|---|